

O CUZO

O cuco, cuco cuqueiro.
O cuco, cuco cucón.
Madrugón e cantareiro!
Cantareiro e madrugón!

Óese pola carballeira
o vello cuco souril
ao nacer a Primaveira
entre o Marzo e o Abril.


O vello cuco cucou
e moito más cucará!
O cuco non me capou
e nunca me capará!

Polas mañás ben cediño
o cuco canta “cu-cu”
Como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tu!

(TERRA CHÁ, 1954)



Cuco (*Cuculus canorus*). Visitante estival. Pon os ovos nos niños de outros paxaros pequenos. Vese en beiras de bosques, arboredos e monte baixo



O CUCO

**Canta, cuco, ou cala, cuco:
eu en ti xa non che creo
des que sei que vas poñer
o teu ovo en niño alleo.**

**Desleixado e preguiceiro,
tan só pensas en folgar.
Dis soamente dúas notas
e xa tes que descansar!**

**Canta, cuco, ou cala, cuco,
preguiceiro, nugallón:
a min pouco che me importa
que esteas cantando ou non!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



A PEGAS


**Está a pega vella
como unha señora
sobre dun ramallo
cantando a deshora.**

**A pega carniceira,
vestida de loito,
quixerá merengue,
quixerá biscoito.**

**A pega carniceira
biscoito non ten,
e come a carniza
que non cheira ben!**

**A pega carniceira
chama á rebordá.
Se unha grasnea,
di a outra: grá, grá...!**

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



Pega rabilonga (*Pica pica*).
Abundante en terreos
abertos, cultivos con
árbores e parques.



O PAZPALLAR

Pazpallar, meu pazpallar,
pillabán e apaixonado,
estás, na agra, a cantar
urxencias de namorado!


Ti cantas co corazón
pra namorar pazpallaras,
pazpallar pazpallarón,
que senón non namoraras.

Pra ti o inverno é moi cruel,
meu pazpallar pazpalleiro.
Mais se queres librar del
tes palla no meu palleiro!

(TERRA CHÁ, 1954)



Paspallás (*Coturnix coturnix*). Pouco común. Maiormente visitante de verán, ainda que hai algúns sedentarios. Atópase en cultivos de cereais, pasteiros e terras ermas abrigadas e solleiras.



PAZPALLAR

Pazpallar que cantas ledo
no centeo floreado,
milagre que lle dás voz
á luz do maio amaiado!

Pazpallar, eu só escoito
o teu cantar polo vran.
No inverno, as túas cancións,
meu pazpallar, onde están?

Onde van as túas cancións
cando chega o tempo frío?
É que chas tapan as néboas?
Tómache a voz o resío...?

Se non oio o teu cantar
estou triste, sen consolo.
Dime onde estás, pazpallar,
e non te fagas o tolo...!

(OS SOÑOS NA GAIOLA, 1972)



«Quaglia» de Raniero Massoli Novelli -
<http://www.flickr.com/photos/sassoferratotv/8150567966/>.